

BOLETÍN 38 (PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2011)

BIBLIOTECA

COAG LUGO.

ría.s.f.

Val fluvial ocupado polo mar debido ó aumento de nivel deste, á erosión dos ríos ou ós movementos tectónicos. *As Rías Altas. Mariscar na ría. A ría de Aldán.*

As condicións de utilización da biblioteca son as seguintes:





- Consulta libre na propia biblioteca.
- Préstamo por un prazo de 20 días prorrogables a outros 20, sempre e cando o libro non fose solicitado por outro usuario
- A renovación poderá realizarse por teléfono no horario de traballo do encargado da biblioteca.
- O número máximo de obras en préstamo (libros, revistas, CD's ou vídeos indistintamente) é de 6.
- Ó recibi-lo préstamo o colexiado faise responsable da correcta manipulación e devolución dos exemplares, podendo solicitárselle a reposición dos exemplares prestados; de non producirse a devolución poderán cargárselle os custos derivados da reposición da obra non devolta.
- Poden solicitarse ou volverse obras mediante servizo de mensaxería ou cos envíos de proxectos. (Os envíos exclusivos de libros ou revistas serán por conta do solicitante)

Infórmovos tamén de que a Biblioteca da Delegación de Lugo do C.O.A.G. trocou a súa dirección de correo electrónico que agora é: bibliotecalugo@colexiodearquitectos.org a disposición dos colexiados para consultas e suxerencias. O horario do bibliotecario é os xoves de 10 a 15 horas aínda que a biblioteca permanece aberta e operativa no horario laboral da Delegación.

marcos failde guerrero

Adquisicións da biblioteca dende xaneiro a marzal de 2011

Revistas:

| | |
|---|---|
| <p>AV Monografías 140 Número adicado ós seguintes temas: Miradores: a paisaxe Aulas: a educación Capelas: o culto Galerías: a arte Estacións: a viaxe Pabellóns: a exhibición Estudos: o traballo Refuxios: a morada Equipamentos: o ocio</p> |  |
| <p>AV Monografías 141/142 Número adicado ós seguintes temas: Escala urbana Pielas eficientes Respostas programáticas Contenedores elementáis Memoria recuperada Modos de habitar Un ano no mundo</p> |  |
| <p>AV Monografías 143 Número adicado a Buckminster Fuller 1895-1983. Buckminster Fuller foi un gran xenio americano para o que non existe etiqueta algunha. Poderíase describir como ecoloxista, profeta, visionario, arquitecto, matemático, cartógrafo e mestre, aínda que é moito máis coñecido polas súas cúpulas xeodésicas. Tiven o privilexio de colaborar con Bucky durante os doce últimos anos da súa vida, e esta relación influíu profundamente no meu traballo e o meu xeito de pensar. Inevitablemente, tamén adquirín unha visión próxima da súa filosofía e os seus logros. En colaboración con Luis Fernández-Galiano, coeditor deste número, procuramos presentar a Bucky e a amplitude do seu traballo no contexto da súa época. Os inicios da carreira de Bucky coincidiron coa era aerodinámica, que abrangueu dende o deseño de dirixibles e avións ata o de coches, trens e mesmo vivendas. Aquí recóllense as súas propostas máis radicais dos anos vinte e trinta do século pasado, e repásanse os capítulos claves da longa traxectoria de Bucky, que acabaría sendo unha referencia para o movemento verde dos sesenta e setenta. En 1951 Fuller ocupouse dos temas ecolóxicos, tan vitais na nosa cultura, cando se referiu á Nave Espacial Terra e á fragilidade do noso planeta, facendo que o seu traballo e as súas observacións sexan hoxe aínda máis importantes do que foron durante a súa vida.</p> <p style="text-align: right;"><i>Norman Foster</i></p> |  |
| <p>AV Monografías. 144 Número adicado á arquitectura de Mansilla + Tuñón. Luis Moreno Mansilla e Emilio Tuñón son homes de familia. Formados no estudo familiar de Rafael Moneo, iniciaron en 1992 o seu coa mesma atmosfera doméstica, e durante dúas décadas xeraron unha familia de formas arquitectónicas tan consistente e tupidamente entrelazada como as súas propias relacións familiares, tecendo a vida profesional e persoal coas mesmas febras de continuidade e compromiso. Dende a peza inicial e iniciática de Zamora, os arquitectos emprenderon un camiño no que non houbo nin preña nin pausa, a través dunha paisaxe percorrida por sendeiros que se bifurcan, polo que transitaron en itinerarios de ida e volta - emblematicamente abreviados na singular estela votiva celtibérica exposta no seu primeiro museo, coas pegadas opostas dos pés na pedra- que marcan o seu territorio arquitectónico cunha rede de vínculos formais, xerando familias de proxectos onde cada un xorde evolutivamente do anterior.</p> <p style="text-align: right;"><i>Luis Fernández-Galiano</i></p> |  |

Arquitectos. 189

Vías respiratorias.

Información del Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.

Podes acceder á versión dixital desta publicación co seguinte link:

http://www.coac-lz.com/2011/02/10/110210_n%C2%BA189_revista_arquitectos_del_cscae_v%C3%A0das_respiratorias



On diseño. 316

Inclúe, entre outros, os seguintes proxectos:

Vivienda unifamiliar en San Vicente del Raspeig, Alicante. Alfredo Paya Benedito.

Casa Olnick Spanu. Garrison, Nueva York. Alberto Campo Baeza.

Vivienda unifamiliar Zafra-Uceda en Aranjuez, Madrid. NO.MAD Arquitectos.

Casa Hemeroscopium. Las Rozas, Madrid. Antón García- Abril.

Vivienda en el casco histórico de Sevilla. Antonio Cruz

Casa A5, Oleiros, A Coruña. Carlos Seoane.

Casa 205, en Vacarisses, Barcelona. H Arquitectes.

Dos viviendas en el casco antiguo de Vigo. José Villacé y Martín de Cominges Carvallo.

Loft en el distrito 22@ de Barcelona. CMKM Arquitectura.

Rehabilitación de vivienda en la Plaza de Azcárraga, A Coruña. Gustavo Díaz García, Lucas Díaz Sierra y Naiara Montero Viar.



Domus. 943

Portada: Wim Wenders. Ilustración por Lorenzo Mattotti

Entrevista: Wim Wenders / Stefano Casciani

Tony Cragg en 4D

Marcello Morandini, o gardián fiel e constante de Arte Programmata

Musa: Michelangelo Pistoletto

Imaxes hipnóticas Giambattista Piranesi

Interiores dos interiores: sete grutas de enerxía

Casas de Juan Vilanova Artigas

Marcel Wanders, deseño e tradición

As sete demandas da xeo-arquitectura

Charles Jencks. Modernismo Crítico

Mario Botta. Architetture 1960-2010



Domus. 944

Entrevista: Djurberg Nathalie, Hans Berg / Stefano Casciani

Ruta do grupo: O museo de arte do século 20 italiano

Watermill Center de Robert Wilson

Dionisio González: a brutalidade das utopías

A musa: Sam Taylor-Wood

La Giustizia segundo David Chipperfield

As curvas de formigón de Rudolf Steiner Goetheanum

Luigi Serafini e Santa Rosalia

ABO, Enciclopedia delle arti contemporanee

Mobles para Oficina



AV Proyectos. 41

Steven Holl / CABR. Sliced Porosity Block, Chengdu

SOM (Skidmore, Owings, Merrill). River Tower, Chongqing

REX (Prince-Ramus & Ullman). Songdo Landmark City Block A4, Incheon

Hadid / Schumacher. City Center, Bratislava

Akihisa Hirata. Bloque residencial Residential Block, Tokyo

SM-ARCH. Edificio multigeneracional Multigenerational Building, Gland

De Molina, Salter, Sarli, Soler. Viviendas protegidas de alquiler Social Rental Housing, Carabanchel

Dosmasuno arquitectos. Viviendas públicas Social Housing, Colmenar Viejo

Laura Álvarez. Complejo residencial Residential Complex, Groningen



El Croquis. 152/153

Herzog & de Meuron Architekten é unha firma de arquitectura Suíza de reputación internacional, fundada no 1978 por Jacques Herzog (nado o 19 de abril en Basilea) e Pierre de Meuron (nado o 8 de maio en Basilea), os cales seguen sendo os dous principais socios do estudo. Os seus primeiros traballos foron pezas reconstruídas de modernidade, calificadas ó mesmo nivel co minimalismo de Donald Judd. Porén, os seus traballos máis recentes, coma o Prada Epicenter de Toquio, o Edificio do Forum das Culturas de Barcelona e o Estadio Olímpico de Pequín, suxiren un troco de aptitude.


A pesar do seu compromiso coa primacía da materialidade amosada en tódolos seus proxectos, a manipulación da forma foi dende o modernismo cúbico ata os prismas volumétricos de maior, ou polo menos, igual presenza. Ámbolos dous arquitectos acostuman facer referencia a Joseph Beuys coma unha fonte duradeira da súa inspiración e é moi usual a colaboración con outros artistas nos seus proxectos arquitectónicos. O seu éxito pode ser atribuído á creación de relacións descoñecidas, ou pouco usuais, a través de materiais de moita familiaridade e moi comúns.



2G. 54

João Batista Vilanova Artigas (Curitiba, 23 de xuño de 1915 - São Paulo, 12 de xaneiro de 1985) foi un arquitecto brasileiro cuxa obra está ligada ao movemento arquitectónico coñecido como Escola paulista. Artigas é un dos principais nomes da historia da arquitectura de São Paulo, debido ao conxunto da súa obra realizada neste Estado.

Graduando en arquitectura pola escola politécnica da Universidade de São Paulo, Artigas rodeouse, sendo estudante, dun grupo de artistas de vangarda (de entre os cales se destacaría máis tarde o pintor Alfredo Volpi) coñecido como Grupo Santa Helena, debido ao seu constante interese pola actividade do deseño, tema cuxo estudo tomaría como un dos elementos presentes na súa obra. Cando se fixo profesor da Escola Politécnica, Artigas formou parte do grupo de profesores que deu orixe á Faculdade de Arquitectura e Urbanismo da Universidade de São Paulo (FAU). Era un profesor activo nesta nova escola: é da súa autoría o proxecto de reforma curricular implantado nos 60 que redefiniría o perfil de profesional formado por aquela escola e foi responsable, xunto ao arquitecto Carlos Cascaldi, do proxecto da nova sede da Faculdade: un edificio localizado na Cidade Universitaria que leva o seu nome e sintetiza o seu pensamento arquitectónico.



Conarquitectura, 33

27 VPP en Mocejón, Toledo. Luis Martínez Santa María.

109 VPP en Xerez. Antonio Martínez García e Juan Luis Trillo de Leyva.

42 Vivendas Sociáis en Barcelona. José Miguel Roldán e Mercé Berenguer.

109 VPP en Alcorcón, Madrid. Eduardo Mangada.

35 vivendas PAU en Montecarmelo, Madrid. Ignacio Lliso Aranguren e Julián Manzano-Monís.

36 VPP en Palma de Mallorca. Joan cerdá Ripoll.

60 Vivendas adaptadas en Barakaldo, Vizcaia. Juan francisco Paz Pascual.

9 VPP en Lorca, Murcia. Mariano Molina Iniesta.



Libros:

| | |
|--|---|
| <p>Urban landscapes. Sostenibilidad. A ordenación do espazo público plantexa numerosos desafíos. A súa mesma natureza, o seu carácter público e exposto, fai do urbanismo un dos campos da práctica arquitectónica máis suxetos ó debate e á polémica. En este libro ofrécese unha mostra de algúns dos traballos que, pola súa orixinalidade, inxenio e creatividade souberon atopar un método de deseño sostenible. Son proxectos nos que o interese polo natural vai da man co deseño, proporcionando belos espazos nos que poder vivir en harmonía co entorno.</p> |  |
| <p>Urban eco parks. Actualmente o deseño urban vive un impresionante desenrola, e obsérvase un sensible aumento na variedade de recursos empregados por arquitectos e paisaxistas á hora de proxectar os espazos comúns ó aire libre, onde cada vez se teñen máis en conta conceptos como sostenibilidade e a ecoloxía. Urban eco parks é unha recopilación de proxectos que destacan pola súa idea de respetar ó máximo a natureza, lugares onde se pode "respirar", relaxarse e pasear.</p> |  |
| <p>Mini casas ecológicas. Construídas para aproveitar ó máximo os recursos e garantir a conservación do medio ambiente e a saúde dos consumidores, as casas ecolóxicas deixaron de ser a opción duns poucos militantes ecoloxistas para transformarse en unha das tendencias máis fortes na actualidade. Xunto co interese da poboación, creceu tamén o dos arquitectos adicados a deseñar este tipo de vivendas nas que a estética e o confort non van reñidos con un modelo sostenible. A investigación a cerca de materiais alternativos e a aplicación de materias primas tradicionais en formatos novos abriron unha gama moi ampla de deseños que acadan un alto nivel de calidade.</p> |  |
| <p>Márketing práctico para arquitectos y profesionales de la construcción. Como hacer un plan para conseguir clientes. Sergio Corian é arquitecto, da Universidade de Bos Aires, Arxentina. Cursou estudos de Mercadotecnia na Escola Arxentina de Negocios e estudos de Postgrao en Mercadotecnia en Internet na Universidade de Belgrano, Arxentina. Participou dos Seminarios de Mercadotecnia para Arquitectos no Congreso Mundial da UIA (Unión Internacional de Arquitectos), Chicago, USA, 1993, e dos Seminarios de Mercadotecnia para a Construción do SMPS (Society for Mercadotecnia Professional Services), Minneapolis, USA, 1996.</p> |  |
| <p>Análisis de proyectos de arquitectura sostenible. Naturalezas artificiales 2001-2008 Este libro é unha recopilación de proxectos e traballos do autor con eixo común da arquitectura sostenible e bioclimática. Recolle 64 proxectos de diferentes usos: vivendas unifamiliares, plurifamiliares, oficinas... etc.. e tamén ten unha primeira parte máis teórica na que se expoñen os principios que logo aplica nos proxectos.</p> |  |

As novas casas galegas.

A Fundación Juana de Vega hai anos emprende unha fermosa tarefa: cada ano convoca aos arquitectos a presentar os seus mellores resultados no esforzo por construír vivendas que enriquezan a cultura e a paisaxe galegas. Valense deste instrumento para construír un belo poema de amor a esta Terra. En tan nobre empeño, o Colexio de Arquitectos acompañaos gustosamente e con agradecemento.

Extracto da presentación do libro por Celestino García Braña.



Libro blanco del poliuretano proyectado.

Manual de uso de este material conforme al CTE.



La seguridad y la salud en las obras de construcción.

Análise crítica de responsabilidades dos diferentes axentes implicados. Integración da prevención de riscos laborais no proceso da edificación.



Guía práctica de aplicación del Código Técnico de la Edificación (CTE) para arquitectos.

No día a día, os arquitectos enfréntanse a os diversos requerimentos do conxunto normativo existente, o que complica inevitablemente a súa actividade. Na actualidade, hai poucas ferramentas que solucionen dun modo eficaz a nova necesidade de adaptarse a estas normativas.

Esta guía busca facilitar a aplicación do CTE e o desenvolvemento dos correspondentes documentos básicos para os distintos proxectos que os arquitectos realizan no seu traballo habitual.

Os autores queren compartir con todos aqueles interesados, unha maneira sensata e lóxica de adaptarse a estes requerimentos. Nesta publicación atopará como enfrentarse ó CTE a través dun proceso práctico, plasmado en fichas tipo e con exemplos para facilitar o seu entendemento.




Ventilación natural de los edificios.

Fundamentos e métodos de cálculo para aplicación de enxeñeiros e arquitectos.

O desenvolvemento sustentable require imprescindiblemente da vigorosa contribución de unha arquitectura que sexa á súa vez sustentable.

Nesta publicación deféndese a idea de que hai que volver á ventilación natural nas edificacións despois dunha época na que os sistemas de ventilación artificial amosaron a súa ineficacia enerxética.



Formularios sobre arrendamientos urbanos.

A presente obra recolle os formularios sobre os contratos de arrendamentos urbanos máis habituais. Foron adaptados á Lei 19/2009, de 23 de novembro, de medidas de fomento e axilización procesal do aluguer e a eficiencia enerxética dos edificios. Recóllense tanto contratos sobre vivendas, locais de negocios ou de tempada.

Por outra banda inclúense tamén os formularios sobre procesos arrendaticios adaptados á regulación da Nova Oficina Xudicial, tales como demandas de reclamación de rendas, sobre resolución de contratos polo transcurso do tempo pactado, por falta de pago de rendas, incumplemento contractual, precario e moitos outros.



Responsabilidad civil por vicios de la construcción.

A responsabilidade civil por vicios na construción é un tema de gran importancia na práctica como o proba a abundante xurisprudencia existente sobre o mesmo. A Lei de Ordeación da Edificación do 5 de novembro de 1999 regula esta materia de forma máis completa a como o viña facendo o artigo 1591 CC. A regulación deste era insuficiente polo que foi obxecto de unha interpretación xudicial hasta o punto de que se pode falar de regras de responsabilidade de creación xurisprudencial.




CTE-SUA, CTE-SI, CTE-HR.

Posta ó día destes tres documentos básicos do Código Técnico da Edificación.



Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación: La Reclasificación del Suelo No Urbanizable.

Esta monografía é parte da Revista Aranzadi de Urbanismo e Edificación. Neste volume dase luz, dende o punto de vista xurídico, á situación do solo non urbanizable.





Biblioteca da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia